



Concello de Cangas

Expediente núm.: 1299/2021

Procedemento: PS-21/02 Selección de 1 director/a e 13 monitores/as de Tempo Libre (Enredos de Verán 2021). Proceso selectivo de ampliación da listaxe de agarda.

Asunto: Sorteo público para desfacer empate

De conformidade co establecido no Decreto de Alcaldía número 2024-1147, de data 26/06/2024, polo que se aprobaron a convocatoria e bases para a ampliación das listaxes de agarda de monitores de tempo libre aprobadas por Decreto de Alcaldía número 2021-1357, de data 22/06/2021, á vista de que unha vez rematada a baremación das tres persoas admitidas dúas delas quedaron empatadas con cero puntos sen que cos dous primeiros criterios establecidos na base sétima se poida desfacer o empate (puntuación acadada na experiencia profesional o na formación académica), o tribunal de selección ACORDA:

Realizar un **SORTEO PÚBLICO** que terá lugar o día **11 de xullo de 2024 (xoves), ás 19:00 horas, no Auditorio Municipal Xosé Manuel Pazos Varela**, podendo asistir por tanto calquera persoa que o desexe.

Neste sorteo público obterase unha letra do alfabeto a partir da cal o tribunal ordenará para a listaxe de agrada as dúas persoas aspirantes empatadas con cero puntos, tomando en consideración a letra do primeiro apelido, despois a do segundo no caso de persistir o empate, e por último a do nome. Con tal motivo, introduciranse nunha bolsa tódalas letras do abecedario, comprobando previamente que todas están incluídas, de seguido remexeranse e unha persoa do público introducirá a súa man na bolsa para extraer unha das letras.

O presidente do Tribunal

Fabián Fernández Gómez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

